

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

3669 *Real decreto 188/2013, do 15 de marzo, polo que se aproba o estatuto do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía.*

A evolución do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía (MNCARS), desde as súas orixes como centro expositivo en 1986 ata a súa consolidación actual como referente museístico de vangarda no panorama internacional, reflicte o propio desenvolvemento da noción de museo nas últimas décadas. Superado o tradicional modelo de institución centrada nas funcións de custodia e preservación, o Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía exemplifica a consolidación da dimensión social do museo, convertido en auténtico foro multidisciplinar de experimentación, xeración de coñecemento e debate na esfera pública.

A historia do organismo pon de manifesto unha constante vontade de modernización e compromiso coa creación contemporánea, tanto na formación e enriquecemento da súa colección como na reforma e ampliación das súas instalacións para dar cabida a unha crecente oferta de actividades públicas, paralela ao incesante incremento do número de visitantes.

Esta traxectoria motivou a necesidade de acometer unha profunda modernización do réxime xurídico da institución, que permita adecuar o seu sistema de organización e xestión ás exigencias propias do dinamismo inherente a un centro de arte contemporánea, modificación que constituíu un fenómeno xeneralizado entre os grandes museos do resto de Europa, e que en España conta co precedente inmediato do Museo Nacional do Prado, que abandonou a figura de organismo autónomo de carácter administrativo que mantiña desde 1985 para se converter nun organismo público con peculiaridades no seu réxime xurídico respecto do réxime xeral previsto para os organismos autónomos e entidades públicas empresariais na Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

Neste contexto débese enmarcar a Lei 34/2011, do 4 de outubro, reguladora do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía, cuxo contido se desenvolve neste real decreto.

A norma consta dun artigo único aprobatorio do Estatuto do novo organismo público, unha disposición transitoria relativa á integración do persoal laboral e funcionario, unha disposición derogatoria e dúas disposicións derradeiras.

Pola súa parte, o Estatuto que mediante este real decreto se aproba estrutúrase en cinco capítulos.

O primeiro capítulo regula a natureza e os fins do Museo, que se configura como un organismo público dos previstos na disposición adicional décima.1 da Lei 6/1997, do 14 de abril, adscrito ao Ministerio de Educación, Cultura e Deporte a través da persoa titular do departamento.

O segundo capítulo, relativo á organización, recolle o réxime xurídico dos órganos reitores do Museo e a súa estrutura orgánica básica, que engloba a Subdirección Artística, así como a Subdirección de Xerencia e o resto de departamentos e áreas que aprobe a Comisión Permanente do Real Padroado por proposta do director.

O terceiro capítulo aborda o réxime de persoal do organismo, que terá a consideración de persoal laboral, sen prexuízo do previsto na disposición transitoria segunda da Lei 34/2011, do 4 de outubro.

O cuarto capítulo regula o réxime patrimonial do Museo, e recolle, con carácter xeral, o réxime aplicable aos organismos públicos de réxime ordinario previsto na Lei 6/1997, do 14 de abril.

O quinto capítulo refírese ao réxime de contratación, orzamentario e económico-financieiro e recolle as peculiaridades na contratación do organismo previstas legalmente, cuxos contratos ligados á actividade comercial se aterán ás normas do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, para os contratos dos poderes adjudicadores que non teñan o carácter de Administración pública. Tamén se recollen os recursos económicos do Museo, o réxime orzamentario aplicable e de control económico-financieiro.

Este real decreto dítase en cumprimento do mandato contido na disposición derradeira oitava da Lei 34/2011, do 4 de outubro.

Na súa virtude, por iniciativa do ministro de Educación, Cultura e Deporte e por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 15 de marzo de 2013,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do Estatuto do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía.*

Apróbase o Estatuto do organismo público Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía, cuxo texto se insire a continuación.

Disposición transitoria única. *Integración do persoal laboral e funcionario.*

1. Ata a entrada en vigor do novo réxime de persoal que establece a disposición transitoria segunda da Lei 34/2011, do 4 de outubro, o persoal laboral e funcionario que presta servizos no organismo público manterase integrado nel conservando os mesmos dereitos e obrigas.

2. De acordo coa disposición transitoria segunda, número 2, da Lei 34/2011, do 4 de outubro, os funcionarios que opten por se integraren no cadro de persoal laboral do organismo formalizarán un contrato de traballo individual que os vinculará a el mediante unha relación laboral sometida á lexislación laboral aplicable, respectándose os dereitos que tivesen recoñecidos, e asignaráselles as funcións e tarefas que correspondan de conformidade co subgrupo de procedencia, de acordo coa estrutura orgánica que se aprobe e con independencia das que viñesen desempeñando ata o momento da súa integración.

3. Aos funcionarios que opten por se integraren no cadro de persoal laboral do novo organismo público Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía seralles recoñecida a antigüidade que lles corresponda, para todos os efectos.

4. O funcionario que, no exercicio da opción citada, decida integrarse no cadro de persoal laboral do organismo público Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía será declarado na situación administrativa de servizos especiais.

5. De acordo co previsto na disposición transitoria segunda, número 2, da Lei 34/2011, do 4 de outubro, os funcionarios que opten por non se integraren nos cadros de persoal laboral do organismo público Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía permanecerán no posto que tivesen asignado no organismo como persoal funcionario en situación de servizo activo ou, de ser o caso, naquelas outras situacións que impliquen reserva de posto.

Os postos de traballo ocupados polos citados funcionarios amortizaranse cando os funcionarios que os ocupen cesen neles por calquera causa.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogados:

O Real decreto 318/1996, do 23 de febreiro, polo que se aproba o Estatuto do organismo autónomo Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía, así como aquelas disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao previsto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de desenvolvemento.*

Autorízase o ministro de Educación, Cultura e Deporte para que adopte as medidas que sexan necesarias para o desenvolvemento e a execución deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 15 de marzo de 2013.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Facenda e Administracións Públicas,
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO

ESTATUTO DO MUSEO NACIONAL CENTRO DE ARTE RAÍÑA SOFÍA

CAPÍTULO PRIMEIRO

Natureza e fins

Artigo 1. *Natureza e réxime xurídico.*

1. O Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía, en virtude do disposto polo artigo 1 da Lei 34/2011, do 4 de outubro, é un organismo público dos previstos na disposición adicional décima.1 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

O Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía, baixo o alto patrocinio das SS.MM. os reis de España, está adscrito ao Ministerio de Educación, Cultura e Deporte a través da persoa titular do departamento, que desempeñará a súa presidencia.

2. O Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, pública e privada, para o cumprimento dos seus fins, e axustará a súa actuación ao disposto na Lei 34/2011, do 4 de outubro; na Lei 16/1985, do 25 de xuño, de patrimonio histórico español; no ordenamento xurídico privado e nas previsións que lle sexan aplicables da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas; da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria; do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro; da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, así como ao disposto neste estatuto.

Artigo 2. *Obxectivos e fins.*

1. Corresponde ao Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía a consecución dos seguintes fins:

a) Promover o coñecemento e o acceso do público á arte moderna e contemporánea nas súas diversas manifestacións e favorecer a comunicación social das artes plásticas, fotografía, audiovisuais, espectáculos ao vivo e deseño.

b) Garantir a protección, conservación e restauración dos bens mobles e inmobles de valor histórico ou artístico que integran o seu patrimonio, así como promover a súa mellora e enriquecemento.

c) Exhibir ordenadamente as coleccións en condicións adecuadas para a súa contemplación e estudo.

d) Desenvolver programas de exposicións temporais de arte moderna e contemporánea.

e) Fomentar o acceso ás coleccións e actividades de cidadáns españois e estranxeiros e facilitar o seu estudo aos investigadores, sen prexuízo das restricións que, por razón da conservación dos bens custodiados, se poidan establecer.

f) Impulsar o coñecemento, difusión e comunicación das obras e identidade cultural do patrimonio histórico ou artístico do Museo e desenvolver actividades didácticas respecto aos seus contidos.

g) Prestar os servizos de asesoramento, información, estudo ou ditame de carácter científico ou técnico que lle sexan requiridos polos órganos competentes da Administración xeral do Estado, ou que deriven dos convenios ou contratos outorgados con entidades públicas ou privadas, ou con persoas físicas.

h) Contribuír á formación e ao perfeccionamento de persoal especializado en museoloxía e museografía, tanto para atender as propias necesidades e servizos do Museo como para satisfacer as demandas doutros sectores.

i) Desenvolver programas de investigación e elaborar e publicar catálogos e monografías.

j) Establecer relacións de cooperación e colaboración con outros museos, universidades, centros de investigación ou institucións culturais nacionais ou estranxeiras para favorecer o intercambio de experiencias e coñecementos.

k) Desenvolver accións conxuntas coas entidades citadas no parágrafo anterior que poidan contribuir á mellor realización dos seus respectivos fins e organizar conxuntamente con elas exposicións temporais de artes plásticas.

l) Desenvolver programas de visibilidade da arte moderna e contemporánea española, así como das coleccións do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía e da súa programación, no ámbito nacional, achegándoa a toda a cidadanía, e internacional, mellorando o impacto global do Museo.

2. Para a consecución dos fins anteriores, o Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía exercerá e desenvolverá as súas funcións e potestades administrativas a través dos órganos que configuran a súa estrutura orgánica, e nos termos previstos neste estatuto.

Artigo 3. *A colección.*

A colección do Museo está constituída por obras dos artistas españois do século XX e posteriores e dos artistas e movementos internacionais que manteñen vinculacións e correspondencias con aqueles. En canto á asignación de obras de autores nados no século XIX, atenderase ao disposto no Real decreto 410/1995, do 17 de marzo, sobre reordenación das coleccións estables do Museo Nacional do Prado e o Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía.

CAPÍTULO II

Organización

Sección 1.ª Órganos reitores

Artigo 4. *Órganos reitores.*

Os órganos reitores do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía son os seguintes:

- a) O presidente do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía.
- b) O Real Padroado.
- c) O director do Museo.

Artigo 5. *O presidente do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía.*

1. O presidente do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía é a persoa titular do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

2. Corresponde ao presidente:

- a) Exercer a tutela sobre o organismo.
- b) A aprobación dos plans xerais de actuación do organismo, así como do anteproxecto de orzamento que lle someta o Real Padroado, para a súa tramitación, conforme a Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.
- c) A convocatoria e a presidencia daquelas sesións do Real Padroado a que considere oportuno asistir.

Artigo 6. *Composición do Real Padroado do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía.*

1. O Real Padroado é o órgano reitor Colexiado do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía.

2. O Real Padroado, constituído baixo a presidencia de honra das SS.MM. os reis de España, está integrado polos seguintes membros:

a) Vogais natos:

1. A persoa titular da Secretaría de Estado de Cultura.
2. A persoa titular da Subsecretaría do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.
3. A persoa titular da Dirección Xeral de Belas Artes e Bens Culturais e de Arquivos e Bibliotecas.
4. O director do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía.
5. Un representante do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, con rango, polo menos, de subsecretario.
6. A persoa titular da Subdirección de Xerencia do Museo.
7. Tres vogais designados rotatoriamente polos gobernos das comunidades autónomas que teñan recoñecidas nos seus estatutos as competencias exclusivas en materia de cultura e que contén, polo menos, cun centro dedicado a finalidades similares en ámbito e obxecto ao Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía, segundo a orde que aprobe o Pleno do Real Padroado do Museo, para un mandato de tres anos non renovables.

b) Vogais designados:

O resto de vogais, ata un máximo de 21, terán a condición de vogais designados e serán nomeados e separados pola persoa titular do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte entre persoas de recoñecido prestixio ou competencia en asuntos relacionados coa cultura e coas artes plásticas ou que se distinguisen polos seus servizos ou axudas ao Museo, tendo en conta a presenza equilibrada de mulleres e homes. De entre eles, poderanse nomear persoas físicas ou representantes das institucións públicas ou privadas que realicen contribucións de calquera natureza ao Museo ou ao cumprimento dos seus fins, incluídas as doazóns ou achegas económicas.

Os vogais designados desempeñarán as súas funcións por un período de tres anos contado desde a data dos seus respectivos nomeamentos. O mandato poderá ser renovado, ata dúas veces, por períodos de igual duración. Os vogais designados cesarán ao termo do seu mandato ou por renuncia, revogación do mandato, falecemento ou incapacidade.

c) O Real Padroado do Museo poderá acordar o nomeamento de patróns de honra, ata un máximo de dez persoas, de recoñecido prestixio ou competencia en asuntos relacionados coa cultura e coas artes plásticas ou que se distinguisen polos seus servizos ou axudas ao Museo, que poderán asistir ás súas sesións nos termos en que e cando así o acorde o Real Padroado. O seu nomeamento será a título meramente honorífico e de carácter non retribuído.

3. O Real Padroado ten un presidente e un vicepresidente. Serán elixidos polo Pleno entre os vogais designados e nomeados pola persoa titular do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para un mandato de cinco anos.

4. O Real Padroado exerce as súas competencias, de acordo co disposto neste estatuto, a través do Pleno ou da Comisión Permanente.

a) Integran o Pleno a totalidade dos vogais natos e designados.

b) A Comisión Permanente está composta polo presidente e vicepresidente do Real Padroado, pola persoa titular da Secretaría de Estado de Cultura, pola persoa titular da Subsecretaría de Educación, Cultura e Deporte, polo director do Museo, polo subdirector xerente e por dous vogais designados polo Pleno. A persoa titular da Secretaría de Estado de Cultura poderá ser substituída pola persoa titular da Dirección Xeral de Belas Artes e Bens Culturais e Arquivos e Bibliotecas, quen, en calquera outro caso, poderá tamén asistir ás sesións daquela, con voz pero sen voto.

c) O Pleno do Real Padroado designará un secretario, preferentemente entre funcionarios de carreira do Museo, por proposta do director, que non terá a condición de membro daquel e que exercerá as súas funcións no Pleno e na Comisión Permanente, así como no resto de comisións ou grupos de traballo que, de ser o caso, se creen.

d) O Pleno do Real Padroado poderá constituír comisións para asuntos determinados, designando os presidentes e vogais que as formen.

e) O Real Padroado poderá acordar a asistencia ás comisións de directivos e expertos do Museo ou alleos a el, cuxa presenza se considere de interese en razón dos asuntos que se vaian tratar.

5. O presidente do Real Padroado desempeña a representación institucional do Museo nas relacións oficiais e convoca e preside o Real Padroado en Pleno e en Comisión Permanente, propoñéndolle a adopción dos acordos que sexan competencia deste. O voto do presidente será dirimente.

O presidente será substituído no exercicio das funcións propias da presidencia dos órganos colexiados polo vicepresidente e, en ausencia deste, polo vogal designado de maior idade.

6. Os actos e resolucións do Pleno do Real Padroado, ditados no exercicio das potestades administrativas que ten atribuídas, poñen fin á vía administrativa, de conformidade co previsto na disposición adicional décimo quinta da Lei 6/1997, do 16 de abril.

Artigo 7. *Competencias do Real Padroado.*

1. Corresponde ao Pleno do Real Padroado:

a) Establecer os principios de organización e dirección do Museo, fixando as súas directrices xerais de actuación e promovendo o seu cumprimento.

b) Propor ao presidente do Museo, para a súa aprobación, o plan xeral de actuación e aprobar, en desenvolvemento do anterior, o plan de obxectivos así como a memoria anual de actividades.

Este plan xeral de actuación deberá conter un programa de xestión en que se estableza un marco de avaliación e control do cumprimento dos obxectivos, especialmente da eficiencia na xestión e do labor de captación de recursos propios por parte do Real Padroado e do director do Museo. Para iso utilizaranse tanto indicadores cuantitativos coma cualitativos.

Os indicadores cuantitativos mostrarán a capacidade de captar recursos propios, o número de visitantes e usuarios, a produción artística e científica e as actividades públicas. Os indicadores cualitativos centraranse no grao de satisfacción dos visitantes.

c) Fomentar e impulsar a participación da sociedade no enriquecemento das coleccións do Museo e no seu sostemento.

d) Propor ao ministro de Educación, Cultura e Deporte a aceptación de doazóns, legados e herdanzas de carácter histórico-artístico a favor do Museo, de acordo co establecido na disposición adicional oitava da Lei 16/1985, do 25 de xuño.

e) Propor ao Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, de ser o caso, a iniciación do procedemento de modificación do estatuto e emitir informe sobre aquelas normas propostas por outros órganos da Administración xeral do Estado, en desenvolvemento deste estatuto.

f) Aprobar, de ser o caso, as modificacións na agrupación e ordenación das coleccións existentes no Museo.

g) Autorizar os tratamentos de carácter extraordinario ou de especial importancia para a conservación ou restauración dos bens de interese cultural do Museo.

h) Emitir informe sobre o programa anual de exposicións e sobre as súas modificacións, se as houber.

i) Designar individualmente os membros do Pleno para o desempeño de misións ou funcións especiais.

j) Requerir, a través do director, a remisión de cantos datos, antecedentes, informes e estudos considere de utilidade para o cumprimento das súas funcións.

k) Propor as distincións honoríficas ás persoas e institucións en recoñecemento polos servizos excepcionais prestados ao Museo e aprobar as regras necesarias para o seu outorgamento.

l) Decidir sobre aqueles asuntos en que, aínda que estivesen atribuídos á competencia da Comisión Permanente, así o solicite o presidente do organismo público ou o acorde o presidente do Real Padroado.

m) Propor ao titular do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, para a súa aprobación, de ser o caso, polo Consello de Ministros, a creación ou participación en fundacións ou sociedades, cuxo obxecto sexa acorde cos fins do Museo, ou cando iso sexa necesario ou conveniente para o mellor cumprimento de tales fins.

n) Propor cantas iniciativas poidan contribuír ao mellor funcionamento do Museo e ao cumprimento dos seus fins.

ñ) Acordar o nomeamento de patróns de honra.

2. Corresponde á Comisión Permanente:

a) Autorizar as adquisicións a título oneroso de obras de arte polo Museo ou, de ser o caso, elevar ao ministro de Educación, Cultura e Deporte as propostas de adquisición.

b) Solicitar do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte a autorización para o outorgamento e levantamento de contratos de depósito de obras de arte pertencentes ao Museo e aceptar depósitos de obras no Museo, sen prexuízo do establecido nos artigos 8 e 9 do Regulamento de museos de titularidade estatal e do sistema español de museos, aprobado polo Real decreto 620/1987, do 10 de abril, e no artigo 63 da Lei 16/1985, do 25 de xuño.

c) Solicitar a adscrición de bens inmobles para o Museo e emitir informe, previamente á súa aprobación, sobre os proxectos de obras ou actuacións sobre os bens a que fai referencia o artigo 19 da Lei 16/1985, do 25 de xuño.

d) Acordar a saída de obras artísticas fóra das instalacións do Museo e solicitar a preceptiva autorización do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, de conformidade co artigo 63 da Lei 16/1985, do 25 de xuño.

e) Aprobar a proposta de anteproxecto de orzamento do Museo, para a súa aprobación polo presidente do Museo e elevación ao Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e posterior tramitación, así como verificar a súa execución e aprobar as contas anuais do organismo.

f) Fixar, por proposta do director, de conformidade coa lexislación aplicable, os prezos das actividades e servizos do Museo.

g) Aceptar achegas económicas a favor do Museo.

h) Aprobar, por proposta do director, a determinación e a modificación da estrutura orgánica do Museo no marco deste estatuto, de acordo coas condicións legais que sexan aplicables.

i) Aprobar, por proposta do director, o nomeamento e a separación do persoal directivo referido no artigo 15, de acordo coas condicións legais que sexan aplicables.

j) Asumir cantas outras funcións lle sexan encomendadas polo Pleno do Real Padroado.

k) Dar conta ao Pleno do Real Padroado dos acordos adoptados, en todo caso, no exercicio das facultades anteriores.

l) Emitir informe previo sobre as convocatorias para a provisión de postos de traballo do Museo, especializados en tarefas de conservación e investigación e adscritos á Subdirección Artística.

m) Impulsar e supervisar a estratexia e as liñas de actuación do Museo fixadas polo Pleno.

n) Ser informado da subscrición de convenios coas comunidades autónomas que contén con algún centro dedicado a finalidades similares ao Museo.

Artigo 8. *Réxime de funcionamento do Real Padroado.*

1. As sesións do Pleno e da Comisión Permanente do Real Padroado son ordinarias e extraordinarias.

O calendario de reunións ordinarias do Pleno e da Comisión Permanente será acordado no seu seo. As sesións ordinarias do Pleno terán lugar, polo menos, unha vez ao ano.

As sesións extraordinarias terán lugar, logo de convocatoria do presidente do Real Padroado, por propia iniciativa ou por solicitude motivada da terceira parte dos seus vogais, da persoa titular da Secretaría de Estado de Cultura ou do director do Museo.

2. No non previsto neste estatuto sobre funcionamento dos órganos colexiados do Museo, aplicarase o establecido no capítulo 11 do título 11 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 9. *O director do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía.*

1. O director do Museo é nomeado e separado mediante real decreto acordado en Consello de Ministros, por proposta da persoa titular do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

Para tales efectos, acudirase a un sistema de preselección que garanta a publicidade e concorrencia e asegure a participación do Real Padroado, co asesoramento dun comité de expertos e profesionais do mundo da cultura e da súa xestión.

A designación do director será de entre os preseleccionados e atenderá aos principios do mérito e capacidade e a criterios de idoneidade.

Seralle de aplicación o réxime de prevención de conflitos de interese previsto na Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado.

2. Corresponde ao director:

a) Dirixir e coordinar, no marco dos plans xerais de actuación do Museo, do seu orzamento e das directrices emanadas do Real Padroado, as actividades do Museo, os seus diferentes órganos e unidades, así como o seu persoal, con orientación cara á consecución do conxunto dos obxectivos e fins sinalados para o Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía no artigo 2.

b) Asumir a dirección artística do Museo.

c) Exercer a representación ordinaria do Museo, sen prexuízo das competencias do presidente do organismo e do presidente do Real Padroado.

d) Elevar ao Pleno do Real Padroado a proposta do plan xeral de actuación do Museo, para a súa aprobación polo presidente do Museo.

e) Propor o proxecto de xestión artística, para a súa elevación ao Real Padroado.

f) Propor a memoria anual de actividades do Museo, para a súa aprobación polo Real Padroado.

g) Elaborar o anteproxecto de orzamentos do organismo para a súa posterior tramitación.

h) Someter á aprobación do Real Padroado os plans de agrupación e ordenación das coleccións, propor adquisicións de obras de arte e dispor as que deban ser exhibidas con carácter permanente.

i) Elevar ao Real Padroado para o seu informe o programa anual de exposicións do Museo.

j) Facilitar ao Ministerio de Educación, Cultura e Deporte cantos datos lle sexan exixidos sobre os bens mobles integrantes do patrimonio histórico español custodiados no Museo.

k) Subscribir, no ámbito das súas competencias, os acordos de cooperación e colaboración con outros museos e institucións afíns e a organización de actividades educativas, culturais e científicas tanto nacionais como internacionais.

l) Realizar a contratación en nome do organismo e a disposición de gastos e a ordenación de pagamentos necesarios para a execución do orzamento.

m) Formular as contas anuais e render ao Tribunal de Contas a través da Intervención Xeral da Administración do Estado, das aprobadas pola Comisión Permanente.

n) Propor, para a súa aprobación pola Comisión Permanente, a determinación e modificación da estrutura orgánica do Museo no marco do previsto no artigo 12.

ñ) Propor, para a súa aprobación pola Comisión Permanente, o nomeamento e a separación do persoal directivo.

o) Aprobar, de acordo coas condicións legais que sexan aplicables, o cadro de persoal e a proposta de réxime retributivo do seu persoal e as súas modificacións.

p) Cantas outras funcións lle sexan encomendadas polo presidente do organismo.

q) Subscribir convenios coas comunidades autónomas que contén con algún centro dedicado a finalidades similares ao Museo.

3. Os actos e resolucións do director, ditados no exercicio das súas potestades administrativas atribuídas, poñen fin á vía administrativa, de conformidade co previsto na disposición adicional décimo quinta da Lei 6/1997, do 14 de abril.

Sección 2.^a Estrutura orgánica

Artigo 10. Estrutura orgánica.

Do director do Museo dependen directamente as seguintes subdireccións:

- a) A Subdirección Artística.
- b) A Subdirección de Xerencia.

Artigo 11. A Subdirección Artística.

Corresponde á Subdirección Artística:

a) Dirixir a elaboración do inventario e do catálogo da colección do Museo, así como os rexistros a que se refire o artigo 10 do Regulamento dos museos de titularidade estatal e do Sistema español de museos, aprobado polo Real decreto 620/1987, do 10 de abril.

b) Impulsar e articular a elaboración dos programas de investigación, coordinar o seu desenvolvemento e execución, e prever as medidas adecuadas para o aproveitamento e a difusión dos resultados.

c) Elaborar os plans de actuación para a conservación, consolidación e restauración do patrimonio artístico do Museo e someter a estudo os bens de interese cultural que deben ser obxecto de tratamentos.

d) Xestionar e desenvolver os acordos de cooperación e colaboración científica e técnica con outros museos, universidades e centros de investigación.

e) Coordinar os servizos de arquivo central, documentación, rexistro de bens mobles de valor histórico, biblioteca e centro de documentación do Museo.

f) Coordinar a elaboración dos catálogos científicos e propor o plan anual de publicacións do Museo, así como o de adquisicións para a biblioteca.

g) Elaborar e propor os programas de desenvolvemento e perfeccionamento profesional do persoal científico e técnico do Museo.

h) Adoptar as medidas necesarias para que a protección do patrimonio artístico do Museo quede garantida e aprobar os tratamentos para a conservación ou restauración dos bens de interese cultural non comprendidos no artigo 7.1 g) da presente disposición, seguindo as directrices do director.

i) Apoiar e asesorar o director do Museo no desempeño das súas funcións de carácter facultativo, especialmente na elaboración do plan artístico do Museo, e exercer cantas outras funcións lle sexan encomendadas por delegación deste.

Artigo 12. *A Subdirección de Xerencia.*

Corresponde á Subdirección de Xerencia:

- a) A xestión económico-administrativa do Museo.
- b) Propor obxectivos e actuacións para a mellora dos resultados da xestión económico-administrativa e o mellor aproveitamento dos recursos asignados ao Museo.
- c) A xestión do persoal, así como as relacións laborais e a negociación colectiva de acordo coa lexislación vixente.
- d) A seguridade e o control administrativo dos bens e valores constitutivos do patrimonio do Museo e a colaboración coa Subdirección Artística na xestión do Rexistro de Obras de Arte.

Artigo 13. *Outras unidades orgánicas.*

O director propondrá o resto de departamentos en que se estrutura o Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía e precisará as funcións atribuídas a cada un deles, no marco que para tal efecto estableza o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

CAPÍTULO III

Réxime de persoal

Artigo 14. *Persoal do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía.*

1. O persoal ao servizo do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía terá a consideración de persoal laboral, con suxeición ao texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, á Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, e demais normas concordantes.

2. As condicións laborais do persoal do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía suxeitaranse ao réxime que estableza o convenio colectivo aplicable.

3. Ao persoal funcionario que pase a prestar os seus servizos no Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía como persoal laboral recoñeceráselle a situación administrativa de servizos especiais.

4. A selección do persoal do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía realizarase de conformidade coas previsións recollidas na Lei 7/2007, do 12 de abril, relativas ao acceso ao emprego público.

Artigo 15. *Persoal directivo.*

1. Terá a consideración de persoal directivo do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía o que asuma a xefatura das subdireccións e departamentos a que se refiren os artigos 10 e 13. En todo caso, non superará os límites establecidos en aplicación da normativa pola que se aproba a clasificación das entidades públicas empresariais e outras entidades.

2. O persoal directivo será nomeado e separado pola Comisión Permanente do Real Padroado, por proposta do director, de acordo coas condicións legais aplicables. Este persoal estará sometido a unha relación laboral de carácter especial de alta dirección. Para o seu nomeamento atenderase a principios de mérito e capacidade e a criterios de idoneidade, e levarase a cabo mediante procedementos que garantan a publicidade e a concorrência.

Artigo 16. *Marco de actuación en materia de persoal.*

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, conforme as súas competencias e por proposta do organismo, aprobará o marco de actuación deste en materia de

recursos humanos, en que se determinarán as liñas directrices sobre organización, estrutura de postos, política de emprego e retribucións.

Artigo 17. *Incompatibilidades.*

O persoal ao servizo do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía estará suxeito ao réxime de incompatibilidades establecido con carácter xeral para o persoal ao servizo das administracións públicas.

CAPÍTULO IV

Réxime patrimonial

Artigo 18. *Réxime patrimonial.*

1. O Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía terá, para o cumprimento dos seus fins, un patrimonio propio distinto ao do Estado, formado por todos os bens e dereitos que sexan da súa titularidade.

2. Así mesmo, quedarán adscritos ao Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía para o cumprimento das súas funcións os bens de dominio público de titularidade estatal que así se acorde, de conformidade co disposto na Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas.

3. Os bens mobles e inmobles de interese cultural que formen parte do patrimonio do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía ou estean adscritos a el someteranse ao réxime especial de protección e tutela establecido na Lei 16/1985.

Artigo 19. *Bens propios.*

1. O Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía poderá adquirir toda clase de bens e dereitos por calquera dos modos admitidos en dereito, e entenderase implícita a afectación aos fins do Museo ao se aprobar a súa adquisición.

A adquisición de bens inmobles ou de dereitos sobre estes requirirá o informe previo favorable do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

2. O Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía, nas súas relacións patrimoniais que teñan por obxecto bens de carácter patrimonial de titularidade do organismo, quedará suxeito ao dereito privado, sen prexuízo das especialidades contidas na Lei 34/2011, do 4 de outubro, e ás limitacións derivadas da aplicación, de ser o caso, da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, e da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

Artigo 20. *Bens adscritos.*

1. A adscrición e desadscrición de bens por parte da Administración xeral do Estado rexeranse pola Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas. Os bens conservarán a súa cualificación e titularidade xurídica orixinaria e corresponderá ao Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía a súa utilización, conservación, administración e cantas prerrogativas referentes ao dominio público e aos bens patrimoniais do Estado se encontren legalmente establecidas.

2. Os bens mobles e inmobles do patrimonio do Estado adscritos ao Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía rexeranse polo disposto na lei citada no número anterior, na Lei 16/1985, do 25 de xuño, e nas demais normas complementarias.

CAPÍTULO V

Réxime de contratación, orzamentario e económico-financieiro*Artigo 21. Réxime de contratación.*

1. O réxime de contratación do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía rexeráse polo disposto na lexislación de contratos do sector público prevista para as administracións públicas, sen prexuízo do disposto no número seguinte.

2. Nos contratos relacionados coa actividade comercial do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía aplicaranse as normas previstas no texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, para os contratos de poderes adxudicadores que non teñan o carácter de Administración pública. Estes contratos non terán carácter de contratos administrativos.

3. Entenderanse como actividades comerciais do Museo aquelas que estean vinculadas á organización de exposicións temporais. Neste concepto inclúense, entre outras, o transporte, a montaxe e desmontaxe das exposicións, os comisariados, as cotas de préstamo e depósito e os contratos de seguro.

Así mesmo, consideraranse actividades comerciais as ligadas á explotación dos servizos comerciais e de dereitos de propiedade intelectual e industrial do organismo.

4. O órgano de contratación do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía estará asistido, de ser o caso, por unha mesa designada por aquel, constituída por un presidente, un secretario e, polo menos, catro vogais. A súa composición axustarase ao previsto no artigo 21 do Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

Artigo 22. Recursos económicos.

1. Os recursos económicos do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía poderán provir das seguintes fontes:

- a) Os bens e valores que constitúan o seu patrimonio.
- b) Os produtos e rendas do patrimonio propio e adscrito.
- c) As consignacións específicas que tivese asignadas nos orzamentos xerais do Estado.
- d) As transferencias correntes ou de capital que procedan de administracións ou entidades públicas.
- e) Os ingresos ordinarios e extraordinarios, de dereito público ou privado, que procedan do exercicio da súa actividade.
- f) As subvencións, achegas voluntarias, doazóns, herdanzas e legados e outras achegas a título gratuito de entidades privadas e de particulares.
- g) Os ingresos recibidos de persoas físicas ou xurídicas como consecuencia do patrocinio ou sponsorship de actividades ou instalacións.
- h) Calquera outro recurso que lle poida ser atribuído.

2. Os recursos especificados no número anterior, con excepción dos sinalados nas letras c) e d), constituirán os recursos propios do organismo.

3. O Real Padroado do Museo e o director realizarán un labor activo de captación de recursos propios, especialmente os derivados do exercicio da actividade do Museo, as achegas a título gratuito de entidades privadas e de particulares e dos ingresos recibidos como consecuencia do patrocinio ou sponsorship de instalacións.

Artigo 23. Ingresos por acceso ás coleccións e cesión de espazos.

1. Os ingresos procedentes das prestacións que os visitantes dos inmobles que integran o patrimonio do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía deban satisfacer polo acceso á colección permanente exhibida neles teñen a natureza de prezos públicos,

ao abeiro do disposto na Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos. O establecemento ou modificación da súa contía farao o Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía, logo de autorización do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

2. Os ingresos procedentes da utilización de espazos dos inmobles, propios ou adscritos, que estean cualificados como demaniais, teñen a natureza de taxa, e regúlanse no capítulo VI do título I da Lei 25/1998, do 13 de xullo, de modificación do réxime legal das taxas estatais e locais e de reordenación das prestacións patrimoniais de carácter público. O establecemento ou modificación da súa contía farase a través de orde ministerial específica, por iniciativa do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía.

3. A xestión e recadación dos prezos e das taxas realizaraa o Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía, ingresándoos no seu patrimonio.

4. Serán ingresos de dereito privado os demais que perciba o Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía pola prestación de servizos ou pola realización de actividades que, de acordo coa lei, non teñan a natureza de taxas ou prezos públicos.

Artigo 24. *Participación en sociedades e fundacións.*

O Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía poderá realizar actividades mercantís para o mellor cumprimento dos seus fins, incluídas, de ser o caso, a creación ou participación en sociedades ou fundacións cuxo obxecto sexa acorde cos fins do Museo, así como a adquisición de valores e outros activos necesarios para o cumprimento dos seus fins.

Artigo 25. *Réxime orzamentario.*

O Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía elaborará anualmente un anteproxecto de orzamento e remitirao ao Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para a súa posterior tramitación de acordo co previsto na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Artigo 26. *Variacións do orzamento.*

1. No orzamento de gastos do organismo, os créditos terán carácter limitativo e vinculante ao nivel de especificación establecido pola lexislación orzamentaria para os organismos autónomos.

2. As variacións que supoñan un incremento global dos créditos inicialmente aprobados axustaranse ao seguinte:

a) Corresponde ao director do organismo autorizar as variacións orzamentarias que impliquen ata un tres por cento da cifra inicial do seu orzamento total de gastos, sempre que non incremente os créditos para gastos de persoal.

Igualmente, corresponde ao director do organismo autorizar as variacións financiadas cos ingresos propios do exercicio corrente do Museo segundo o disposto no artigo 22.2 por encima do inicialmente orzado.

b) Corresponde ao titular do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas autorizar variacións por encima do tres por cento da cifra inicial do seu orzamento. Así mesmo, correspóndelle autorizar variacións que incrementen os créditos para gastos de persoal.

c) As variacións que afecten gastos de persoal e as que se financien con ingresos propios do Museo por encima do inicialmente orzado non se computarán para efectos da porcentaxe establecida na letra a) deste número 2.

d) Se a variación afecta as achegas estatais recollidas nos orzamentos xerais do Estado, a competencia para autorizar ambas as modificacións corresponderá á autoridade que teña atribuída a modificación no orzamento do Estado.

Estas variacións non computarán para os efectos das porcentaxes recollidas nos puntos anteriores.

3. As variacións internas entre as diversas partidas orzamentarias, que non incrementen a contía global do orzamento, serán aprobadas polo director do organismo, salvo que afecten créditos para gastos de persoal, caso en que a autorización será competencia do ministro de Facenda e Administracións Públicas.

4. As variacións do orzamento, unha vez autorizadas polo director do organismo, serán comunicadas á Dirección Xeral de Orzamentos do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Artigo 27. *Control económico-financeiro.*

Sen prexuízo das competencias de fiscalización atribuídas ao Tribunal de Contas pola súa lei orgánica e polas demais normas que regulan as súas competencias, o organismo público estará sometido ao control financeiro permanente e á auditoría pública previstos na Lei xeral orzamentaria. O control financeiro permanente realizarao a Intervención Delegada no organismo baixo a dependencia funcional da Intervención Xeral da Administración do Estado.

Artigo 28. *Contabilidade.*

O Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía estará sometido ao Plan xeral de contabilidade pública.

Artigo 29. *Asistencia xurídica.*

A asistencia xurídica do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía, consistente no asesoramento xurídico e na representación e defensa en xuízo, poderáselles encomendar aos avogados do Estado integrados no Servizo Xurídico do Estado, mediante a formalización do oportuno convenio, nos termos previstos en artigo 14 do Regulamento do servizo xurídico do Estado, aprobado polo Real decreto 997/2003, do 25 de xullo.